

I DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE XOVE CLASIFICATORIA PROVINCIA DE LUGO-XOGADE

REGULAMENTO

Organiza:

Concello de Xove
Club Tríatlon Cidade de Lugo
Persoa de contacto: Patricio Farias
Teléfono: 605346370

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno
fegatri@hotmail.com

Patrocina e promove:

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

Colaboran:

Caixa Rural

Datos da proba:

Proba Clasificatoria para a Final Provincial de Dúatlon Escolar de Lugo. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE, na actividade deportiva escolar de Dúatlon da provincia de Lugo, das categorías benxamín, alevín e infantil e cadete.

A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://xogade.xunta.gal>

A proba rexerese segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e P.M. e da Federación Española de Tríatlon. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Saída, transición e meta:

Aparcamento da Estación de Autobuses Rúa Acceso Campo de Fútbol-27878- Xove)

Recollida de dorsais:

A través do Técnico/Delegado do Club.
A partir das 10:00 h. h. Na carpa de organización ata 20´ antes de cada saída.

Datas e horarios das carreiras:

Domingo, 2 de marzo de 2025

	CARREIRA 1	BICI	CARREIRA 2	CÁMARA Chamada	HORA
BENXAMÍN (2016-2017)	400m	2000m	200m	10:50	11:00
ALEVÍN (2014-2015)	800m	4000m	400m	11:20	11:30
INFANTIL (2012-2013)	1200m	6000m	600m	11:50	12:00
CADETE (2010-2011)	1600 m	8000m	800m	12:20	12:30

OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRICIÓN NA PROBA SE HOUBESE QUE DIVIDIR SAÍDAS

Inscricións:

Inscripción gratuíta. (Só deportistas de alta no programa Xogade na actividade deportiva escolar de dúatlón, na provincia de Lugo).

Ata o martes 25 de febreiro de 2025. Enviar folla de inscrición (Excel anexo) ao correo electrónico: fegatri@hotmail.com con copia a deportes.lugo@xunta.gal **ata as 14:00 horas.**

Procedemento Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici /casco) e o casco posto e abrochado.

Cronometraxe Manual

O dorsal deberá ir á fronte, totalmente visible, collido polas catro esquinas, con calquera medio de suxeición que o garanta.

Saída

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída .

Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta onde se lles entregará o avituallamento, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta para abandonar a zona.

Premios

Medallas aos/ás tres primeiros/as da clasificación individual en cada categoría e sexo.

CONSIDERACIÓNS

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización. Así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición.

As persoas acompañantes non poderán ocupar a zona dos circuitos.